

APROBADO  
en Claustro

Xuño ★ 2017

# Plan de Orientación



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



## Índice

1. Introducción.....	5
2. Xustificación baseada no contexto.....	6
2.1. Características do centro e do seu contorno.....	6
2.2. Contexto legal. Funcións dos órganos unipersoais e colexiados.....	7
2.2.1.1. <i>Funcións do departamento de orientación</i> .....	7
2.2.1.1.1. Funcións da xefatura do departamento.....	7
2.2.1.1.2. Funcións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.....	8
2.2.1.1.3. Funcións do titor/a.....	8
2.2.1.2. Funcións e responsabilidades do Equipo directivo.....	9
2.2.1.2.1. Director.....	9
2.2.1.2.1. Xefatura de estudos.....	9
2.2.1.3. Competencias do Claustro de profesores/as.....	9
2.2.1.4. Competencias da C.C.P.....	10
3. OBXECTIVOS DO PLAN.....	11
4. ACCIÓNS PRIORITARIAS.....	12
5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	14
5.1. Plan de acción titorial.....	14
5.1.1. Obxectivos e programas e actividades da hora lectiva de titoría.....	14
5.1.2. Obxectivos xerais.....	14
5.2. Programa de orientación académica e profesional.....	16
5.2.1. Obxectivos específicos.....	16
5.2.2. Actuacións.....	16
5.3. Apoio e orientación no proceso de ensino-aprendizaxe.....	18
5.3.1. Obxectivos do departamento de orientación en relación coa atención á diversidade.....	18
5.3.2. Actuacións do orientador.....	19
5.3.3. Actuacións do especialista en pedagogía terapéutica.....	19
5.4. Fomento da convivencia.....	20
5.4.1. Actuacións.....	20
5.4.2. Acolida de novo alumnado: 1º ESO, 1º Bacharelato.....	21
5.4.2.1. Actuacións:.....	21
5.4.2.2. Actividades de benvinda para alumnado e familias.....	21
5.4.2.3. Coordinación Equipos de orientación.....	22
5.4.2.4. Entrevistas persoais coas nais, pais e titores legais do alumnado.....	22
5.4.2.5. Reunións colectivas coas familias.....	23
5.4.2.6. Coordinación no ámbito da orientación e a acción titorial.....	23
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓNS.....	24
7. MEMORIA FINAL DEL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	25



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Plan de Orientación 2 /26



## 1. Introducción

O artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia establece a estrutura do plan de orientación que incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) xustificación baseada no contexto.
- b) Obxectivos
- c) Planificación xeral e definición de accións prioritarias.
- d) Estratexias de intervención
- e) Criterios de avaliación do plan

Partindo desa estrutura a elaboración deste plan de orientación basease na normativa legal vixente, e neste sentido destacamos o Decreto 120/1998 polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 24 de xullo do mesmo ano pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa comunidade.

Ademais, tamén teremos en conta para a elaboración do plan os documentos básicos do centro educativo: programación xeral anual, proxecto de concreción curricular que toma como referente o currículo elaborado pola administración, o proxecto educativo de centro, o plan xeral de atención á diversidade, o plan de convivencia, o plan de integración das TIC e as diferentes funcións relacionadas coa orientación dos órganos unipersoais e colexiados do centro educativo establecidas no Decreto 324/1996, de 26 de xullo polo que se regulan os institutos de ensino secundario.



## 2. Xustificación baseada no contexto

### 2.1. Características do centro e do seu contorno

O instituto de ensino secundario Val Miñor entrou en funcionamento no curso 1979/80. Desde ese inicio as instalacións nunca foron renovadas (agás a carpintería metálica) e atopámonos cun centro educativo con aulas pouco espaciaosas, con insalvables barreiras arquitectónicas e con inadecuadas instalacións deportivas.

A oferta educativa do IES comprende o ensino secundario obrigatorio e o postobrigatorio. No bacharelato pódese estudar as modalidades de ciencias sociais, humanidades e ciencias.

O alumnado da ESO procede nun 90% dos dous centros de educación primaria adscritos situados no centro da vila e na parroquia de Camos. Un 80% do alumnado de novo ingreso provén do CEIP Humberto Juanes, un 10% do CEIP da Cruz e un 10% doutros colexios do concello.

O alumnado de bacharelato provén, máis ou menos nun 60% de alumnado do propio centro que estudou a ESO e o outro corenta por cento do alumnado procede de diversos colexios, predominantemente privados concertados e dalgún centro público integrado da mancomunidade.

O IES leva 6 anos realizando un intercambio con un Gumnasium alemá da cidade de Friburg.

O desprazamento ao centro educativo por parte dos alumnos e alumnas é na súa meirande parte en autobús.

Os alumnos e alumnas presentan un perfil lingüístico e sociocultural bastante uniforme e empregan o galego nun índice moi baixo nas relacións sociais, feito continuador da liña á que tenden as vilas galegas que rexistran unha maior densidade de poboación, e estatisticamente no centro un 80% do alumnado e castelán falante fronte a un 20% galego falante. Non existen problemas derivados das diferenzas lingüísticas existentes entre os alumnos e alumnas.

En total, o IES posúe 16 unidades para un número de alumnos e alumnas que oscila arredor dos catrocentos. De xeito xeral, o 65% corresponde á ESO e o 35% ao ensino postobrigatorio.

O número de traballadores do centro está habitualmente entre 45-50 persoas. Neste curso trinta e nove compoñentes do persoal docente (nestes momentos, trinta e un con destino definitivo) e cinco de persoal non docente (dúas conserxes, dúas do persoal da limpeza e unha administrativa).

En xeral, as familias amosan interese polos estudos dos seus fillos e fan un seguimento continuado da súa evolución escolar. O 79% desexa que o seu fillo ou filla estude unha carreira universitaria e un 8% formación profesional.

Un importante número de pais, nais e titores legais están asociados á ANPA (arredor de 130 familias).

O alumnado, o profesorado, as familias e o persoal de administración e servizos valoran de xeito positivo o clima de convivencia existente no centro educativo.

O IES está situado no concello de Nigrán, pertencente á mancomunidade do Val Miñor. Ten unha poboación de 17.715 habitantes (IGE 2014). A distribución da poboación polo seu nivel de estudos no ano 2001, reflectía que existía máis de un 11% de persoas con estudos superiores, un 8,2 ten estudos de F.P e a grande maioría ten estudos de bacharelato elemental ou superior, case un 40%. Por outra banda, hai preto dun 2% da poboación con menos de cinco anos de escolarización.

Con relación ao aspecto económico do municipio Nigrán se constata que a capacidade económica das familias de Nigrán é a máis alta da mancomunidade de Vigo con 14.065 € /habitante.

Por outra banda, segundo os datos estatísticos dos declarantes de IRPF-2013 (datos da axencia tributaria) o nivel de renda de Nigrán está en 26.314 €. Este dato económico sitúa ao municipio de Nigrán no posto 232 do ránking nacional.

Con relación ao tecido industrial, as actividades predominantes son a metalurxia, a industria madeireira, a industria da alimentación. Entre as actividades de servizos con maior grao de desenvolvemento destacan as actividades comerciais, actividades inmobiliarias e negocios de hostalería e restauración. (Datos da cámara de comercio de Vigo).

## **2.2. Contexto legal. Funcións dos órganos unipersoais e colexiados**

### **2.2.1.1. Funcións do departamento de orientación**

- a) Valorar necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- g) Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- i) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- j) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.



- k) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

#### **2.2.1.1. Funcións da xefatura do departamento de orientación:**

- a) Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- c) Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.
- d) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- f) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, as dos centros que lle sexan adscritos, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- h) Coordinar as accións dos profesores de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- i) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

#### **2.2.1.1.2. Funcións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica**

- a) Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- d) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- e) Aquelas outras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.

#### **2.2.1.1.3. Funcións do titor/a (D. 324/1996, de 26 de xullo. [Artigo 59] – Secundaria)**

Cada profesor titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará cando menos, as seguintes funcións:





- Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación.
- Proporcionarlles no principio de curso, ó alumnado e ós pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativos e curricular de centro.
- Orientar as demandas e inqedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o alumnado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos.



- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais e nais ou titores e ao xefe/a e estudos.
- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentras estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

## **2.2.1.2. Funcións e responsabilidades do Equipo directivo**

### **2.2.1.2.1. Director**

- a) Designar ós coordinadores e os titores (artigo 20, e do D.324/1996)
- b) O titor ou titora será designado polo director ou directora por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe do Departamento de orientación, entre os profesores/as que impartan docencia a todo o grupo (artigo 58 do Decreto 324/1996)

### **2.2.1.2.1. Xefatura de estudos**

Coordinar e orientar a acción dos titores, coas aportacións, se é o caso, do Departamento de Orientación e de acordo co plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial. (artigo 31.f do D.324/1996).

### **2.2.1.3. Competencias do Claustro de profesores/as**

Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas (artigo 46.j do D. 324/1996)

### **2.2.1.4. Competencias da C.C.P.**

- a) Velar para que a elaboración do Plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial se realice conforme ós criterios establecidos polo claustro. (artigo 77.2.b do D. 324/1996)
- b) *Establecer as directrices para a elaboración do plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial (artigo 77.2.d do D. 324/1996)*



### 3. OBXECTIVOS DO PLAN

No preámbulo do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia determina que a orientación trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

En consonancia con esta concepción da orientación educativa plantexámonos os seguintes obxectivos xerais:

1. Diseñar pautas de actuación que desenvolvan no alumnado habilidades sociais de relación, de autoconecemento, de autoaceptación, de tolerancia e comunicación positiva.
2. Participar en accións que permitan optimizar o rendemento escolar mediante estratexias de estudo, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativa e técnicas de aprender a aprender.
3. Promover unhas relacións coordinadas con familias e con servizos externos ao centro para favorecer o proceso global da orientación.
4. Desenvolver unhas medidas organizativas, curriculares e psicopedagóxicas adecuadas para ofrecer unha atención personalizada ao alumnado que favoreza a súa integración no centro.
5. Desenvolver accións encamiñadas a favorecer o proceso de toma de decisións responsable asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades persoais, académicas e profesionais así como as ofertas que se lle presentan.
6. Desenvolver programas de actuación que permitan a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos, a igualdade entre homes e mulleres, o fomento da cultura emprendedora, e a integración da diversidade.

#### 4. ACCIÓNS PRIORITARIAS

As **últimas circulares** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecen as seguintes liñas prioritarias con relación aos departamentos de orientación:

Familias	<input type="checkbox"/> Participación e implicación da familia na vida do centro.
Profesorado	<input type="checkbox"/> Revisión das medidas de apoio <input type="checkbox"/> Coordinación distintas etapas e ciclos.
Alumnado	<input type="checkbox"/> Promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos <input type="checkbox"/> Contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres <input type="checkbox"/> Identificación temperá de necesidades <input type="checkbox"/> Fomento da cultura emprendedora <input type="checkbox"/> Seguimento da inserción laboral. <input type="checkbox"/> Asesoramento ás persoas adultas. <input type="checkbox"/> Asesoramento saídas profesionais e elección vocacional.
Centro educativo	<input type="checkbox"/> Diagnose inicial do estado de convivencia no centro. <input type="checkbox"/> Medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.

**A circular 10/2010 establece no seu punto cuarto as seguintes accións prioritarias:**

Inclusión e a diversidade	<input type="checkbox"/> Asesoramento comunidade escolar(recursos e medidas). <input type="checkbox"/> Programas de prevención e detección precoz.
Acción titorial	<input type="checkbox"/> Asesoramento: sistema educativo, procesos de admisión, accións de acollida, cambios de centro, organización centros. <input type="checkbox"/> Protocolos de avaliación inicial.
Convivencia e Educación en valores	<input type="checkbox"/> Posta en práctica de programas destinados á promoción da convivencia. <input type="checkbox"/> Asesoramento sobre normas de organización e funcionamento.
Plan de orientación, Plan anual e Memoria Anual	<input type="checkbox"/> Actualización do mesmo. <input type="checkbox"/> Propostas de mellora.
Procesos de avaliación e calidade	<input type="checkbox"/> Asesoramento proxectos de mellora do sistema educativo.
Drd orienta	<input type="checkbox"/> Cubrición de datos.



---

Aprendizaxe permanente e Saídas profesionais	<ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Accións de fomento da cultura emprendedora.</li><li><input type="checkbox"/> Técnicas de busca de emprego.</li><li><input type="checkbox"/> Etapas de transición: mundo académico-laboral.</li><li><input type="checkbox"/> Información sobre a inserción profesional.</li><li><input type="checkbox"/> Información sobre a FP Básica</li><li><input type="checkbox"/> Medidas de abandono temperá de estudos.</li></ul>
Coordinación dos DO	<ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Coordinación cos DO de Infantil e Primaria e Secundaria e co profesorado de FOL.</li></ul>
Circular 8/2009	<ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Asesorar sobre PDC, FP Básica, e os distintos programas de reforzo, recuperación, habilidades sociais...</li></ul>

---

## 5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

### 5.1. Plan de acción tutorial.

#### 5.1.1. Obxectivos e programas e actividades da hora lectiva de tutoría

Tal como está lexislado a tutoría e a orientación dos alumnos/as formará parte da función docente, polo que a figura do titor/a adquire novos matices e actuacións.

A LOE (a LOMCE mantén o mesmo) no seu artigo 91.d establece que a orientación educativa, académica e profesional dos alumnos dos titores realizarase en colaboración cos departamentos especializados. A través do seu traballo fanse efectivos aspectos orientativos do alumnado tales como a promoción escolar, a relación coa familia e o seu contexto social e escolar, e o desenvolvemento dos seus valores máis peculiares.

A finalidade da acción tutorial é a de optimizar o rendemento do ensino a través dunha axuda axeitada ó alumnado, ó longo do seu avance polo sistema educativo, dando resposta á atención da diversidade.

#### 5.1.2. Obxectivos xerais

No documento sobre Orientación e Tutoría na Secundaria (MEC, 1992) formulanse os obxectivos xerais da Acción Tutorial nos seguintes termos:

1. Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo-clase co fin de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo.
2. Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no centro promovendo tanto a actuación responsable na marcha do seu grupo como a participación activa nas actividades organizadas a nivel de centro.
3. Desenvolver uns programas de orientación que permitan que cada alumno/a poida ir realizando o proceso de toma de decisións responsablemente e con coñecemento das súas capacidades e das ofertas que se lle presentan, tanto no ámbito escolar como profesional.
4. Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno/a e a atención ás necesidades diversas derivadas do mesmo.
5. Aunar os esforzos do equipo educativo no plantexamento duns valores que lle axuden a ser persoas e a convivir e comportarse adecuadamente nas súas relacións dentro dos grupos.
6. Favorecer a formación do titor/a para que poida desempeñar as súas funcións da forma máis adaptada ás características do seu grupo de alumnos e alumnas.

Os bloques de contidos nos que se desenvolverán as actividades son:

1. Integración e convivencia (*Aprender a convivir e aprender a comportarse*).
2. Educación en valores e desenvolvemento persoal. (seguiremos nalgúns casos as datas marcadas no calendario escolar).(*Aprender a ser*).
3. Procesos de aprendizaxe.( *Aprender a aprender*).
4. Avaliación.
5. Relación centro-familia.
6. Orientación académica profesional. (*Aprender a decidir*).

<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Programas, plans e actividades</b>
Coñecer ao alumnado e presentar as actividades de tutoría	Curso 0
Facilitar a adaptación escolar e a integración grupal do alumnado.	Actividades de acollida e integración grupal. Programa TEI (tutoría entre iguais)
Recopilar datos académicos, persoais e familiares de relevancia.	Avaliación inicial
Facilitar o coñecemento do organigrama do centro e do sistema educativo.	Orientación académica e profesional: plano e organigrama do centro.
Revisar o perfil e as funcións do delegado/a de grupo e proceder a súa elección	Elección de delegados/as e subdelegados/as.
Establecer normas para o funcionamento interno do grupo.	Convivencia e normas de funcionamento.
Axudar ao alumnado a planificar o estudo.	Curso 0
Mellorar o coñecemento e o uso das diferentes técnicas de estudo: lectura, subliñado, esquemas e mapas conceptuais, resumo..	Programa de técnicas de traballo intelectual.
Potenciar a motivación cara a aprendizaxe.	Curso 0
Preparar as sesións de avaliación e reflexionar sobre as dificultades atopadas. Reflexionar sobre as cualificacións obtidas no trimestre anterior	Preavaliación-Autoavaliación- Postavaliación
Reflexionar sobre os propios intereses profesionais e rasgos de personalidade, relacionándoos con distintos estudos e profesións.	Orientación académica e profesional: coñecemento do sistema educativo.
Valorar a traxectoria académica e as propias capacidades	Orientación académica e profesional: profesional: autoconhecimento.
Coñecer en profundidade as distintas opcións formativas ofrecidas polo sistema educativo. Desenvolver estratexias adecuadas de toma de decisións no ámbito académico, persoal profesional.	Orientación académica e profesional. Toma de decisións.
Coñecer o mercado laboral, así como as distintas estratexias para unha adecuada inserción no mesmo.	Orientación académica e profesional. Inserción laboral: C.Vitae, entrevista de selección, ....
Adquirir hábitos de vida saudables, incompatibles con condutas perxudiciais para a saúde.	Programa clases sen fume. Prevención de drogodependencias.
Entender e coñecer a sexualidade humana como fonte de saúde, afectividade e comunicación,desenvolvendo condutas responsables cara a mesma.	Educación afectiva e sexual.
Mellorar o proceso de comunicación Habilidades	Programas de Habilidades sociais

sociais interpersonal, desenvolvendo estratexias asertivas nas relacións sociais.

Coñecer distintas alternativas para utilizar adecuadamente o tempo de lecer.

Uso adecuado do lecer e do tempo libre

Reflexionar sobre a discriminación entre homes e mulleres na nosa sociedade, desenvolvendo actitudes e comportamentos non sexistas.

Educación para a igualdade. Prevención da violencia de xénero.

Reflexionar sobre as propias características para axustar e mellorar a autoimaxe persoal

Autocoñecemento, autoestima, autocontrol, automotivación, empatía, ...

Potenciar o uso crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación.

Programa uso adecuado das tecnoloxías da información e da comunicación.

Adquirir e consolidar valores relacionados coa solidariedade, o respecto, a paz e a xustiza

Educación en valores. Educación para a paz e o desenvolvemento. Dilemas morais

Instruír ao alumnado sobre o procedemento a seguir en casos de emerxencia no centro.

Plan de evacuación

## 5.2. Programa de orientación académica e profesional

### 5.2.1. Obxectivos específicos

1. Facilitar ao alumnado a toma de decisións respecto do seu futuro académico e profesional.
2. Ofrecer aos alumnos unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada, favorecendo, na medida do posible a súa madurez vocacional e os seus procesos de toma de decisións, coa finalidade de capacitalos para a súa autoorientación no momento actual e futuro.
3. Proporcionar ao alumnado información, axuda e consello á hora de tomar calquera das difíciles decisións académicas e profesionais, especialmente nos momentos de máis risco ou dificultade, como son os cambios de curso ou de etapa, a elección das optativas e dos diferentes itinerarios ou alternativas académicas e profesionais.
4. Presentar ao alumnado situacións que o leven a coñecerse e valorarse dun xeito acorde ás súas capacidades, motivacións e intereses.

### 5.2.2. Actuacións

a) 1º de ESO:

- Asesoramento sobre a optatividade en 1º e 2º da ESO. Explicación do francés e alemán como optativa de carácter preferente e da existencia da exención da segunda lingua en casos excepcionais.
- Explicación do concepto de curso o que supón a posible repetición neste curso.
- Decisión de promoción de 1º a 2º
- Asesoramento sobre reforzo e ACS
- Coñecemento do organigrama do sistema educativo.
- Autocoñecemento: intereses, habilidades.



b) 2º da ESO:

- Asesoramento sobre os itinerarios de 3º da ESO: optativas.
- Criterios de promoción de 2º a 3º ou permanencia.
- Asesoramento sobre Educación secundaria de adultos e PEMAR-Fpbásica
- Coñecemento do organigrama do sistema educativo.
- Autoconecemento: intereses, aptitudes, aspiracións.

c) 3º da ESO:

- Asesoramento sobre a opcionalidade en 4º da ESO, en definitiva, sobre itinerarios académicos e profesionais.
- Criterios de promoción ou permanencia.
- O sistema educativo: ciclos formativos de grao medio e superior e bacharelato nas súas diferentes modalidades, así como a que dan acceso as distintas opcións académicas.
- Autoconecemento: valores e habilidades.
- Asesoramento sobre a educación secundaria de adultos, e Fpbásica.
- Proba de acceso a ciclos de FP grao medio.

d) 4º da ESO:

- Criterios de titulación
- Asesoramento sobre a ESA e o bacharelato, modalidades e itinerarios.
- Asesoramento sobre a Formación profesional específica: ciclos formativos de grao medio e superior, formación profesional básica. Elaboración de cadros representativos dos engarces entre os bacharelatos e os ciclos formativos, así como cos graos universitarios.
- Asesoramento sobre o mercado laboral e a vida activa.
- Asesoramento sobre as ensinanzas de réxime especial: idiomas, artísticas e deportivas.
- Formación ocupacional (cursos prácticos, escolas-obradoiro e casas de oficios).
- Formación non regrada (cursos diversos en academias, oposicións...).
- Ás técnicas e estratexias de busca activa de emprego.
- A inserción e adaptación profesional.
- O coñecemento da lexislación laboral básica e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
- Os coñecementos e habilidades necesarios para traballar en condicións de seguridade e para previr os posibles riscos laborais.
- As estratexias para a recualificación profesional ao longo de toda a vida para adaptarse ós cambios socio-laborais, especialmente a través da ensinanza de adultos.
- Acceso mediante proba a ciclos formativos de grao medio.
- Probas para a obtención de título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos.

e) Alumnos/as que remataron a educación secundaria neste centro:

- Obter información sobre as saídas académicas ou laborais que escolleron ou sobre o seu abandono do sistema educativo.

f) Bacharelato

- Orientarse a continuación de estudos superiores por parte do alumnado desta etapa educativa.
- Estrutura do bacharelato: Elección de itinerarios segundo a modalidade elexida. Optatividade e materias de modalidade. Avaliación e promoción. Vinculación dos itinerarios con estudos superiores.
- Estrutura da “ABAU”. Fase obrigatoria e voluntaria. Cualificación e reclamación. Parámetros de ponderación.
- Acceso á Universidade desde os ciclos formativos de grao superior. Sistema de acceso.
- Os estudos universitarios: procedemento de solicitude de admisión. Notas de corte. Estrutura das ensinanzas universitarias. Catálogo de títulos. Universidades públicas e privadas. Bolsas de estudo e servizos universitarios. Residencias.
- Os ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial. Estrutura e finalidade. Requisitos de acceso e procedementos de admisión. Oferta educativa. Vinculación cos estudos universitarios.
- Ensinanzas deportivas de grao superior e ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
- Estrutura e finalidade. Requisitos de acceso e procedementos de admisión. Oferta educativa. Vinculación cos estudos universitarios.
- Ensinanzas artísticas superiores. Música, danza, arte dramática, conservación e restauración de bens culturais, artes plásticas e deseño.

Os contidos dos catro bloques:

1. Autoconecemento-Autoavaliación de Capacidades, Intereses e Motivacións-
2. Coñecemento do Sistema Educativo
3. Coñecemento do Mundo Sociolaboral
4. Desenvolvemento de Estratexias de Toma De Decisións no Ámbito Persoal e Profesional e de Inserción e Recualificación Socialboral)

desenvolvanse dunha forma máis sistemática na titoría grupal e de xeito individual, máis ocasional, co xefe do departamento de orientación.

As familias estarán informadas das ofertas formativas de forma escrita e de forma oral coa charla inicial de comezo de curso.

O coñecemento do sistema produtivo realizarase en colaboración co departamento de ciencias sociais, xeografía e historia, no traballo conxunto co profesorado da materia optativa: Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial e o proceso de inserción laboral, sobre todo, no apartado de elaboración de documentos profesionais contaremos coa colaboración dos departamentos de lingua galega e castelá.

### **5.3. Apoio e orientación no proceso de ensino-aprendizaxe**

A estrutura e formas de organización da atención á diversidade no IES, quedan recollidas no plan de atención á diversidade, integrado no proxecto educativo. Con relación aos responsables da orientación máis directos queda establecido o seguinte:

#### **5.3.1. Obxectivos do departamento de orientación en relación coa atención á diversidade.**

- a) Asesorar á comunidade educativa sobre as diferentes medidas e programas de atención á diversidade, coordinando e orientando o proceso de selección do alumnado destinatario.
- b) Contribuír á prevención e, no seu caso, identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, asesorando sobre a posta en marcha das medidas educativas necesarias para a súa corrección.
- c) Informar, asesorar e coordinar actuacións coas familias do alumnado destinatario das diferentes medidas e programas de atención á diversidade.

#### **5.3.2. Actuacións do orientador**

- a) Asesoramento aos órganos de goberno e coordinación docente na elaboración e, no seu caso, revisión do proxecto educativo, velando porque o mesmo contemple as medidas organizativas, curriculares e metodolóxicas necesarias para unha atención flexible ás necesidades educativas diferenciadas do alumnado.
- b) Realización da avaliación psicopedagóxica do alumnado que vaia ser obxecto dunha ACS, ou que necesite unha detección precisa das súas dificultades e necesidades educativas.
- c) Coordinación e asesoramento no proceso de elaboración da ACS.
- d) Seguimento e asesoramento no proceso educativo do ACNEAE, participando na comunicación coas familias, o asesoramento aos equipos docentes e a valoración da súa aprendizaxe.
- e) Fixar criterios, en colaboración co especialista de pedagogía terapéutica, para a organización dos apoios ao ACNEAE, confeccionando os horarios de atención personalizada e asesorando ao profesorado sobre os materiais didácticos a utilizar.
- f) Asistir ás sesións de avaliación dos grupos onde se integre o ACNEAE.
- g) Realizar as actuacións que se estableza na normativa en todo o relacionado coa atención á diversidade: medidas organizativas e curriculares.
- h) Participar no procedemento de selección do alumnado destinatario dos principais programas e medidas de atención á diversidade.
- i) Realizar un seguimento e avaliación do plan de atención á diversidade, propoñendo os cambios e melloras necesarias en función dos resultados obtidos.
- j) Asesorar ao profesorado e as familias sobre medidas preventivas das dificultades de aprendizaxe : técnicas de traballo intelectual, planificación do estudo, recursos , pautas de intervención familiar.
- k) Realizar informes para la adopción de medidas educativas excepcionais, tales como a flexibilización do período de escolarización, incorporación a un ciclo de formación profesional básica, un programa de mellora e rendemento, atención domiciliaria, exención da segunda lingua estranxeira, ditame de escolarización ou escolarización combinada.
- l) Coordinarse con servizos externos con responsabilidades en relación coa atención á diversidade: equipos de orientación específico, servizos sociais, servizo infanto-xuvenil de saúde mental, gabinetes psicopedagóxicos privados.



### 5.3.3. Actuacións do especialista en pedagogía terapéutica

- a) Desenvolvemento de intervencións especializadas que contribúan á mellora das capacidades do ACNEAE.
- b) Realización, en colaboración co profesorado e co asesoramento do orientador das ACS.
- c) A elaboración e adaptación de material didáctico para a atención educativa especializada do ACNEAE.

	Tarefas	Responsables
1	Realizar a reunión de traspaso de información cos titores de 6º de Primaria.	Xefatura de Estudos, Orientadores do IES e dos CEIP,PT, Titores de Sexto de E.P
2	Realizar unha avaliación inicial para detectar as dificultades de aprendizaxe	Orientador, Equipo docente.
3	Propoñer as medidas para atender á diversidade: ACS, reforzos fóra ou dentro da aula...	Equipo docente, Orientador, PT
4	Informar ás familias das decisións curriculares ou organizativas propostas para os seus fillos e fillas.	Titores, Orientador.
5	Confeccionar os horarios e modalidades de apoio.	Xefatura de Estudos, Orientador, PT
6	Realizar as ACS para os alumnos/as que o necesiten.	Profesor de cada área ou materia.
7	Realizar un seguimento especial dos alumnos/as repetidores e dos que promocionaron con materias pendentes.	Titores Xefatura de Departamento.
8	Elaboración da memoria final do plan anual de atención á diversidade.	
9	Xestión de Bolsas de axuda ACNEAE	Xefatura do Departamento

#### **5.4. Fomento da convivencia**

O plan de convivencia é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente e nel participa dun xeito destacado o departamento de orientación. A continuación, expoñemos os programas onde participa máis directamente o departamento.

##### **5.4.1 Actuacións**

Actuación	Responsables	Destinatarios
TEI (Titoría entre iguais)	<input type="checkbox"/> Titores de 1º e 3º da ESO e Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de 1º e 3º da ESO
Equipo de mediación	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO/BACH
Plan de acollida	<input type="checkbox"/> Departamento de Orientación do IES e dos centros adscritos <input type="checkbox"/> Xefes de Departamento do IES <input type="checkbox"/> Equipo directivo	<input type="checkbox"/> Alumnado de 6º de Educación Primaria. <input type="checkbox"/> Familias
Programa de habilidades sociais	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO

Programa de normas e regras Dereitos e deberes	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO/BACH
Xornada de xogos cooperativos	<input type="checkbox"/> Dpto de Educación física <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de 1º e 3º de ESO.
Programa de educación para a igualdade.	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO e bacharelato
Prevenção da violencia de xénero	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO e bacharelato
Programa uso adecuado das tecnoloxías da información e da comunicación.	<input type="checkbox"/> Titores/as <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación <input type="checkbox"/> Familias	<input type="checkbox"/> Alumnado de ESO <input type="checkbox"/> Familias
Espazo web de convivencia	<input type="checkbox"/> Equipo directivo <input type="checkbox"/> Dpto de Orientación	<input type="checkbox"/> Todos os membros da comunidade escolar

Por outra banda, o departamento participara segundo o establecido no plan de convivencia no protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero, así como no protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e tamén no protocolo da aula de convivencia inclusiva, neste último caso fornecendo de material encamiñado a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado nesta aula.

#### **5.4.2. Acollida de novo alumnado: 1º ESO, 1º Bacharelato.**

O obxectivo xeral do proceso de coordinación no proceso de transición do alumnado de novo ingreso en 1º de ESO e en 1º de bacharelato é proporcionar ao alumnado e a súa familia información suficiente sobre as etapas educativas de educación secundaria e bacharelato co fin de mitigar posibles ansiedades ante o novo desafío académico.

##### 5.4.2.1. Actuacións:

- Intercambio de datos, documentación e información de interese sobre o novo alumnado.– Información sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, datos sobre o rendemento académico e saúde, integración social, ...
- Charlas coas familias sobre aqueles aspectos que contribúan a unha mellor adaptación dos seus fillos e fillas ao novo centro.
- Reunións para potenciar a coordinación entre os proxectos educativos dos colexios adscritos de Primaria e o instituto de ensinanza secundaria, sobre todo, no relacionado coa metodoloxía e coas normas de convivencia.
- Por outra banda, tamén se establecerán medidas específicas co alumnado novo que ingresa no noso centro en 1º de bacharelato procedente doutros IES ou dun CPI privado concertado ou público, por exemplo: unha etiqueta na páxina web do IES para o alumnado de novo ingreso.

#### 5.4.2.2. Actividades de benvida para alumnado, familias e profesorado

A) Para os alumnos/as. Accións de acollida para 1º de ESO e 1º de Bacharelato (e tamén para alumnado que se incorpore co curso xa comezado)

Acto de benvida	<input type="checkbox"/> Nova etapa <input type="checkbox"/> Participación nas actividades do IES <input type="checkbox"/> Integración	<input type="checkbox"/> Equipo directivo	Abril
Sesión Informativa	<input type="checkbox"/> Visita ás instalacións. <input type="checkbox"/> Información básica sobre a estrutura da ESO e do bacharelato. <input type="checkbox"/> Actividades nas distintas dependencias.	<input type="checkbox"/> Departamento de orientación do IES e dos centros adscritos <input type="checkbox"/> Xefes de departamento	Abril
Curso 0	<input type="checkbox"/> Normas xerais <input type="checkbox"/> Uso de instalacións <input type="checkbox"/> Presentación de traballos <input type="checkbox"/> Uso das TIC..	<input type="checkbox"/> Equipo docente	Comezo de Curso

B) Para as familias:

Actividade	Responsable	Temporalización
Xornada de portas abertas	Equipo directivo Orientador	Abril
Reunión informativa sobre o novo curso	Equipo directivo Titores Orientador	Inicio de curso

B) Para profesorado novo:

Actividade	Responsable	Temporalización
Benvida e información sobre alumnado con NEAE	Xefe de Departamento	Comezo de curso ou no momento da chegada a ocentro

#### 5.4.2.3. Coordinación Equipos de orientación

Actividade	Responsable	Temporalización
Traslado de información sobre o novo alumnado	Orientador do IES e dos centros adscritos, Especialista en pedagogía terapéutica, Xefes de estudos, Titores 6º de Primaria.	Xuño
Establecemento de procesos de coordinación	Titores Orientador.	Inicio de curso

#### **5.4.2.4. Entrevistas persoais coas nais, pais e titores legais do alumnado**

Terán lugar cos profesores titores, co orientador, membros do equipo directivo ou calquera profesor/a do centro. Leváranse a cabo preferentemente previa cita para recoller información relevante sobre o asunto a tratar e na hora establecida para a atención ás familias.

#### **5.4.2.5. Reunións colectivas coas familias**

A finais de setembro ou a comezos do mes de outubro, o centro convocará ás familias cos seus fillos e fillas escolarizadas en 1º de ESO co obxectivo de informarlle dun xeito máis detallado sobre os seguintes aspectos:

- a) - presentación do titor/a.
- b) - calendario escolar.
- c) - horario de atención ás familias.
- d) - actividades complementarias e extraescolares.
- e) - coidado das instalacións e uso dos materiais.
- f) - datas de entrega dos resultados das avaliacións.
- g) - Pautas educativas para un adecuado rendimento educativo.
- h) - Puntualidade, ausencias. Xustificación de faltas.
- i) - material escolar: libros de texto, ordenadores...
- j) - normas básicas de convivencia do centro.
- k) - programas do IES.
- l) - oferta formativa.

Ademais das reunións citadas, poderá convocarse unha reunión colectiva aos nais e pais, en calquera momento do curso, cando o profesor titor, o departamento de orientación, o equipo docente ou o equipo directivo o estimen conveniente para tratar aspectos relacionados co rendemento escolar, orientación académico-profesional ou a mellora do clima de aula.

#### **5.4.2.6. Coordinación no ámbito da orientación e a acción tutorial**

Todos os titores e titoras da ESO terán dentro do seu horario de permanencia no centro, unha hora semanal dedicada ás reunións de coordinación co departamento de orientación. A reunión realizarase por niveis. En ditas reunións trataranse aspectos como os que seguen: actividades para realizar na hora de tutoría lectiva, seguimento das medidas de atención á diversidade, seguimento dos programas específicos que se desenvolven no centro, novidades legislativas, valoración do clima de convivencia no centro e na aula, preparación e análise das sesións de avaliación, información sobre as reunións mantidas coas familias, proposta de actividades extraescolares e complementarias.





## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓNS

A concreción e programación anual do plan de orientación e acción tutorial, será obxecto de seguimento e avaliación continua durante o curso, así como dunha avaliación final. A continuación especificamos algunhas das estratexias que se utilizarán para levar a cabo este labor.

Estratexias de seguimento:

a) Reunións da comisión de coordinación pedagóxica, do claustro e dos equipos docentes durante as avaliacións trimestrais. As actuacións recollidas no plan anual de orientación e acción tutorial sufrirán os cambios que se estimen necesarios, para responder ás novas necesidades e dificultades que se vaian detectando durante o curso escolar polos equipos docentes, órganos de coordinación ou polos titores e titoras.

b) Sesións de avaliación.

Servíranos como referencia para comprobar a eficacia das medidas de atención á diversidade do centro.

c) Outras técnicas de obtención de información, seguimento e avaliación.

- Entrevistas con familias e alumnos e alumnas.
- Cubrición de enquisas para coñecer o grao de satisfacción do alumnado.
- Reunións dos órganos de goberno do centro.
- Reunións de coordinación cos departamentos de orientación dos centros de educación primaria adscritos.
- Análise do clima de convivencia escolar no centro.
- Cuestionarios para valorar a idoneidade dos medios e dos recursos empregados.
- Impacto das actuacións ( número de actuacións, participación, solicitudes do alumnado...).



## 7. MEMORIA FINAL DEL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Recollera unha síntese das actuacións do departamento en relación ao recollido no plan de orientación anual, unha valoración sobre o grao de eficacia das mesmas, cambios que se produciron no plan e propostas de mellora.
- Conterá os aspectos recollidos na memoria anterior e outras suxestións achegadas polos titores ou titoras ou claustro, CCP. Esas recomendacións constituirán a base para as modificacións a realizar no plan anual de orientación do curso escolar seguinte.